
OS COLEXIADOS PODEN ENVIAR CANDIDATURAS ATÉ AS 20:00 DO 24 DE MARZO

O CPXG e a AELG convocan unha nova edición do Premio de Xornalismo Cultural

[28/02/2014] O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) volven convocar, un ano máis, o premio á mellor traxectoria no xornalismo cultural, que recoñece o labor xornalístico desenvolvido no eido cultural durante 2013.

Cada colexiado pode enviar, até ás 20:00 horas do día 24 de marzo, unha única candidatura ao correo electrónico xornalistas@xornalistas.com, sempre con identificación do remitente. As dúas propostas máis recorrentes dos colexiados do CPXG sumaranse as realizadas polos socios da AELG para a lista definitiva de finalistas.

O vindeiro 28 de marzo vai facerse pública esta lista na web do CPXG, xornalistas.com, na da AELG e a través dos medios de comunicación, abríndose ese mesmo día a segunda fase do proceso de votación, que durará ata as 19:00 horas do 29 de abril, e no que poderán participar a través da [intranet](#) os colexiados do CPXG, ademais dos socios da AELG.

O Premio AELG de Xornalismo Cultural 2013 recoñece o labor xornalístico que no eido cultural teñan desenvolvido os finalistas durante 2012. O fallo vai darse a coñecer nunha gala a celebrar o vindeiro sábado 3 de maio, no Teatro Principal da cidade da Coruña.

CPXG